

# GODARD + COSTA

Jean-Luc Godard e Pedro Costa, 2023

# 1394

ESTREA EN NUMAX: 25.10.2024 | V.O.S.E. | 28 min

“As fillas do fogo” (Pedro Costa, 8 min)

Un tríptico de imaxes que ocupa toda a pantalla, un musical de dor e éxtase no que participan as cantantes Elizabeth Pinard, Alice Costa e Karyna Gomes como mulleres separadas entre si tras a erupción da illa volcánica de Fogo, en Cabo Verde, en 1951. As tres cantan unha canción popular ucraina.

«A unión, nun mesmo xesto, da última lumarada dunha obra xigantesca e os rescaldos aínda nacentes dunha película que agroma: unha proxección que é á vez a ocasión de despedirse e de concertar unha cita para o futuro»

CRITIKAT

“Tráiler da película que non existirá xamais: ‘Guerras de broma’” (Jean-Luc Godard, 20 min)

No momento do seu falecemento en setembro de 2022, Jean-Luc Godard atopábase en plena preparación da súa última longametraxe, a adaptación da novela do escritor belga Charles Plisnier “Falsos pasaportes”, publicada en 1937. Aínda que a longametraxe non chegou a realizarse, o complexo e fermoso trailer que Godard montou e viu finalizado, preséntase como a súa última obra, unha complexa colaxe de historia, política e cinema armada con papel e pegamento, pinturas e fotografías, son e silencio.



## Ensinar a simetría

Por Rinaldo Censi

Desde *Casa de lava* (1994), as películas de Pedro Costa xiran arredor da comunidade caboverdiana emigrada en Lisboa. É a partir desa película que comeza a circular unha carta de Robert Desnos á súa esposa Youki. Ese texto empeza a transitar noutras películas: alterado, modificado, interpolado. E é coma se, a partir desa carta, se puxese en marcha un mecanismo. Un pensa que, no fondo, as súas películas transformáronse en misivas, material recollido en forma de relatos, cantos. Envíos para un destinatario que talvez xa non estea (as cartas a miúdo teñen que ver con espectros, recordos, mortos). Misivas dirixidas a un futuro pasado: o destinatario será alguén que, á súa vez, as recolle, conta, engade á súa propia historia. Vanda, Ventura, Pango, Vitalina, Clotilde, as tres mozas na magnífica *As fillas do fogo*, son todas figuras que poñen en movemento o recordo, en forma de carta cantada, contada. A dureza do traballo, reproches aos maridos, o esforzo e o medo, o dó, a nostalxia, o recordo da natureza salvaxe das illas. O movemento é case metrónimo. N'*As fillas do fogo*, tres mozas deixaron a illa para chegar a algún porto europeo. O que agora enfrontan é só fatiga, dor. Tres voces estenden unha especie de polifonía do recordo nunha pantalla tripartita. A película é a enésima misiva que Pedro Costa recolle, como un carteiro. Futuro pasado. A memoria. O canto como paradigma dos intercambios que nunca deixan de ocorrer.

## Falsos pasaportes

Por Fabrice Aragno

Despois d'*O libro de imaxes* (2018), Jean-Luc quería adaptar *Faux Passeports* (1937) de Charles Plisnier, unha novela composta por varios capítulos, cada un seguindo a un personaxe diferente que vivía entre a Revolución de Outubro de 1917 e os anos trinta. A súa idea era crear unha película que se centrara en dous destes personaxes. Estruturara o guión en seis capítulos, o "primeiro número perfecto", como adoitaba dicir, e comezou creando un libro de colaxes baseado nestes capítulos.

Para algúns capítulos, Jean-Luc quería filmar en 35mm branco e negro, 16mm e Super 8 en cor. Quería volver ás vellas formas, tal e como comezou, pero coa distancia da experiencia. Pero o Covid e os confinamentos frearon o noso progreso. Jean-Luc continuou traballando en papel, desenvolvendo versións sucesivas do guión ata que decidiu que quería facer un tráiler. Jean-Luc traballaba na súa pequena mesa de madeira, usando folios A5, pegamento, Tipp-Ex, pintura, fotos. Armou un pasquín dunhas 50 páxinas, con cada páxina ilustrando unha escena. Logo confioumo, con indicacións de cantos segundos debía durar cada unha, que variaban considerablemente. Escaneei o folleto, e logo, nunha mesa de edición dixital, xuntei as páxinas, aplicando cada unha das súas instrucións metodicamente, ata que cheguei a un filme silencioso. Logo envioume unha cronoloxía debuxada a man con extractos de audio de películas e arquivos sonoros para emparellar coas escenas. A película ten dúas seccións nas que se escoita música.

Cando lle dei ao play, quedei completamente abraiado. Jean-Luc imaxinara o ritmo e a cadencia da película en papel, usando Post-its e indicacións para as imaxes e o son. E vino todo despregarse ante os meus ollos. É cinema do momento presente. É increíblemente simple, pero a forma en que as imaxes e os sons están dispostos é extremadamente poderosa. Jean-Luc viu o corte final da película e dixo que era a súa mellor película.